

## ENCONTROS SECTORIAIS

**Cooperativas: Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente.**

**14 setembro de 2023, Vigo**

[ PROGRAMA ITINERARIO DE INTERCOOPERACIÓN 2023 DE ESPAZOCOOP ]

<b>DATA REALIZACIÓN</b>	Xoves 14 de Setembro de 2023	<b>DURACIÓN</b>	3 horas
<b>HORARIO</b>	10:00 – 13:00 horas	<b>INSCRICIÓN</b>	<a href="#">Neste formulario</a>
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	UF Negra Sombra S. Coop. Galega - Café Uf. Na rúa do Pracer, 19 - Vigo		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Roberto Andrés Sanmartín Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop	<b>TELÉFONO</b>	986-866149
		<b>E-MAIL</b>	roberto@espazo.coop

### FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Dar a coñecer que é o programa Itinerario de Intercooperación de EspazoCoop 2023, e a Sectorial de Cooperativas de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente de EspazoCoop.
- Xerar un espazo de coñecemento mutuo e promoción de posibles accións de cooperación para 2023 entre as cooperativas e persoas participantes :
  - Marca e Logo identificativo para a Sectorial. Pros e contras. Experiencias de intercooperación neste campo. Suxestións de actuación para a Unión.
  - EspazoCoop como interlocutora da Sectorial ante as distintas Administracións con competencias en materia de cultura, turismo, ocio, patrimonio e medio ambiente. Suxestións de actuación para a Unión.
  - Interlocución coa Administración local en Vigo. Referencias e liñas de actuación.
- Actualizar información de interese : convocatorias de actividades, novidades normativas e liñas de financiamento de interese.

### PROGRAMA – CONTIDOS

10.00 h. **Benvida e presentación das persoas e cooperativas participantes.**

10.15 h. **Presentación do programa Itinerario de Intercooperación 2023, e doutros programas, actividades e convocatorias públicas de interese potencial para as cooperativas participantes.**

10.30 h. **Dinámica de traballo para concretar e dar contido a posibles actividades e proxectos de intercooperación.**

11.30 h. **Dinámica de traballo para concretar o papel da sectorial nos procesos de interlocución ante a Administración.**

12.30 h. **Recollida de conclusións.**

13.00 h. **Peche do Encontro.**

### METODOLOXÍA

Os Encontros desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o intercambio entre as persoas asistentes. Realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión. Neste Encontro abrirase un espazo para formular preguntas, comentarios e tirar conclusións sobre a situación do cooperativismo nos sectores de referencia, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do programa.

### DIRIXIDO A

- Cooperativas da sectorial de Cultura, Turismo, Ocio, Patrimonio e Medio Ambiente de EspazoCoop.
- Outras cooperativas e entidades de economía social galegas dos mesmos sectores (non asociadas á Unión).



**Actividade realizada co apoio da:** Rede Eusumo – Programación 2023. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social, conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.